MUDAR DE VIDA
[Paulo Rocha, 1966, Portugal, 94', VOSG]

Lingua **Portugués**
Dirección **Paulo Rocha**
Guión **Paulo Rocha e António Reis**
Montaxe **Margarethe Mangs e Noémia Delgado**
Fotografía **Elso Roque**
Son **Alfredo Tropa**
Música **Carlos Paredes**
Reparto **Geraldo Del Rey, Isabel Ruth, Maria Barroso, João Guedes**
Produción **António da Cunha Telles**
Restauración **Cinemateca Portuguesa**
Distribución **Atalante**

O segundo filme de Rocha narra unha serie de episodios da vida de Adelino, un home que regresa á casa logo de facer o servizo militar. As regras, o lugar e as xentes mudaron e Adelino trata de sobrevivir nun mundo que agora lle resulta alleo.

Biennale di Venezia 1966

SEGUINTES TÍTULOS DA RETROSPECTIVA *PAULO ROCHA*
Martes 31: *O río do ouro*, 1998

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA

FS #172
24.1.2023

MUDAR DE VIDA

PAULO ROCHA

CINECLUBE PONTEVEDRA

MUDAR DE VIDA ENTREVISTA A PAULO ROCHA

A secuencia da comunidade de pescadores esixiu unha longa preparación? Non. Neste caso trátase máis ben dunha cuestión de historia familiar: os meus pais, os meus avós, viviron sempre neste ambiente, e o meu pai foi durante moito tempo á praia conducindo un carro de bois. Nesta secuencia, o meu filme é case unha biografía do grupo humano ao que pertencía. Coñezo ben esta rexión e esta xente, con quen paso polo menos tres meses cada ano desde que nacín. Desde hai dez anos, procuraba unha historia que puidese compoñer a partir de elementos moi concretos que tivese á vista. Os bailes, por exemplo. Impresionábame, xa que era algo que tiña un aire moi animoso, si, e ao tempo tráxico. Hai nestas cousas unha aquel de alegría case desesperada. Iso é o que quixen expresar, aínda que non puidésemos traducir os textos de todos os bailes, moi duros e moi fortes.

Ao comezo está a parte documental, logo introdúcese a ficción. Decatouse perfectamente de que o paso dun ao outro podía crear unha fenda, mais evitouna poñendo o acento no lado plástico na primeira parte e enxordecendo este lado en canto aparece a ficción. Coloquei no medio do filme unha banda longa —digamos de silencio— propia destas paisaxes de río, mentres que na primeira parte a paisaxe corresponde co cadro dunha vida colectiva forte. Adelino buscou o apoio do equipo de pescadores, que son unha centena, que o enmarcan, e de socato, convalecente, atópase só, présa do silencio e do desemprego, e debe volver comezar de cero. É entón cando neste deserto, de golpe, comeza a haber lóstregos. É a moza que aparece, ás veces moi axiña, e aos poucos a vida volve. En suma, houbo neste momento unha «pasaxe» sobre o baleiro. A capela, por exemplo, vello centro de peregrinación, atópase no medio dos pantanos —chámase Nossa Senhora de Entre-Águas (e o filme ao principio íase chamar *De entre as águas*), pois noutra época só se podía ir en barco. Toda a sensación de baleiro no meu filme está feita para preparar e salientar a entrada da moza.

Hai unha cousa que lembra a *Muriel*: esas casas sempre ameazadas pola auga. Podería haber varias razóns para a destrución das casas. Atopei unha —tomada da actualidade da rodaxe, ao saber que todo iso ía desaparecer efectivamente—. Así obtiña as miñas escenas sobre a destrución, signo, por outra parte, da desagregación xeral dun grupo humano que era para min un exemplo de forza e imaxinación. Conseguiron establecerse sobre esas dunas movedizas en fronte dun mar desapiadado, por iso os barcos que empregan: unha especie de grandes galeras, que precisan un equipo de corenta homes, dez para cada remo. Puxeron a punto unha técnica moi precisa e complexa de ocupación dos lugares, e durante séculos puideron non só vivir alí, senón crear unha comunidade florecente.

Estes son os descendentes dos normandos e outros antigos pobos mariños que se establecerían nas ribeiras; durante séculos vivirían a mercé das grandes correntes da vida do país, protexidos polo río. Alí podíanse atopar pequenas repúblicas sometidas ás súas propias necesidades de creación cultural e técnica. Foron grandes arquitectos que traballaron a partir da madeira e construíron barcos espléndidos. Só que o tempo pasou e coa chegada do progreso esta forma de pesca deixou de ser rendible. Ademais, o turismo comeza a chegar. En tres ou catro anos, practicamente, estes lugares desaparecerán.

A grande intención do filme era, inicialmente, poñer en evidencia a harmonía que os homes conseguiron establecer entre a vida á beira do río e á beira do mar. Pode observarse entre elas unha especie de casamento de facto no plano social e económico, que reencontra a alianza primitiva dos elementos: a auga e a terra. Así, para tornar a area fértil foi preciso empregar os peixes do mar e as algas do río; o sal dos pantanos salgados, permitindo a comercialización da pesca; e os bois, ora na cultura dos campos das marxes do río, ora na pesca do mar, dada a desmedida forza necesaria para a deslocalización dos inmensos barcos e das redes utilizadas. Por outra banda, en contrapartida ao traballo feito á beiramar polos homes do río e polos seus bois, os pescadores vólvense para o río cando o mar se enfurece. Este mundo de ciclos naturais, de metamorfoses, que eu, infelizmente, non conseguín captar conforme querería, atópase hoxe xa deslocado pola aparición da Historia, que destruíu todo este equilibrio. É este o tema da segunda parte do filme. A repetición do que dixemos deixa de existir, os homes son obrigados a facer un certo número de cousas. É así que nós pasamos dun tempo natural a un tempo humano.

A lingua semella ter unha grande importancia no filme. O diálogo foi escrito por António Reis, que é un poeta intimista, un pouco na liña de Guillevic. É tamén etnólogo e coñeceu ben estas comunidades. Tratamos de atopar unha lingua que estivese moi traballada, baseada nas riquezas lingüísticas propias desta poboación e ao tempo libre de palabras que os portugueses non poderían entender. Buscamos o denominador común. E se esta lingua ten unha gran forza dramática e poética, a miúdo débese a unha palabra que conta cun matiz particularmente explosivo, intraducible en francés. É unha auténtica mágoa, porque xa houbo un filme rodado en portugués cunha calidade extraordinaria no seu texto: o filme do brasileiro Glauber Rocha, *Deus e o Diabo na Terra do Sol*, mais o público estranxeiro non pode percibilo.

Declaracións recollidas por Jean-André Fieschi e Jean Narboni, en Venecia. Publicadas en elumiere.net.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.